



ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA

Artigo 1º

Créase a tarxeta de estacionamento para persoas con mobilidade reducida, tanto temporal como permanente. A dita tarxeta será persoal e intransferible. Outorgarállela o Concello a aquelas persoas que acrediten a súa situación de discapacidade, coa cualificación de minusvalía da comunidade autónoma e informe de mobilidade reducida preceptivo dos equipos de valoración e orientación da Xunta de Galicia, tendo validez tamén os doutras comunidades autónomas.

Artigo 2º

Créanse dúas clases de tarxetas:

- a) Para todas as persoas empadroadas neste Concello que padezan e/ou teñan recoñecida algún tipo de minusvalía con graves problemas de mobilidade.
- b) Persoas minusvalías con mobilidade reducida que sexan transportadas por terceiras persoas. Só se poderá facer uso da tarxeta cando se transporte ó minusválido.

Artigo 3º

Os titulares da tarxeta terán dereito:

A que se lles reserve unha praza de aparcadoiro debidamente sinalizada. As prazas de aparcadoiro reservaranse preto das súas vivendas, sempre que a ordenación do tráfico o permita.

A que se lles establezan unha serie de prazas nas zonas que sexan necesarias, e, en concreto: ó carón do centro de saúde, concello, policía, xulgado, centros de ensino, prazas públicas, igrexas, piscinas públicas, sanatorios, zonas de supermercados, etc., prazas que serán de utilización exclusiva de xeito que se lles garanta a posibilidade de aparcadoiro, preto dos devanditos lugares.

A que o persoal do concello lles atenda nun local de fácil acceso, cando o establecido para iso non cumpra a totalidade das condicións establecidas pola Lei de eliminación de barreiras arquitectónicas e o decreto polo que se aproba o seu regulamento (Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro).



Artigo 4º

O procedemento de outorgamento da tarxeta será o seguinte:

Presentarase a solicitude no Rexistro do concello á que se lle achegará a seguinte documentación:

1. DNI propio e da persoa que teña atribuída a patria potestade ou a garda e custodia, no caso de que estean incapacitados xuridicamente.
2. Comprobación de oficio se a persoa está empadroadada no Concello.
3. Certificado de grao de minusvalía emitido polo equipo de valoración e orientación (EVO) e expedido pola Área de Servizos da Delegación Provincial da Consellería de Asuntos Sociais, que testemuñe a súa discapacidade para desprazarse.
4. Carné de conducir do minusválido e/ou do condutor habitual do vehículo.
5. Último xustificante de pagamento do imposto de vehículos ou de exención, de ser o caso.
6. Dúas fotografías do que solicita a tarxeta.

Artigo 5º

A validez da tarxeta será de dez anos, nos casos de que a dificultade de desprazamento sexa permanente, e no caso de que a cualificación sexa provisional, cando transcorra o prazo que esta indique. Ó transcorreren estes, renovarase co mesmo procedemento que se seguiu para o outorgamento da tarxeta inicial.

Corresponderalle a concesión da tarxeta á Comisión de Goberno, que deberá resolver motivadamente no prazo dun mes contado desde a solicitude.

Artigo 6º

Terán validez neste municipio as tarxetas emitidas por calquera municipio da Unión Europea, sempre que conteñan os datos básicos establecidos nesta ordenanza.

Artigo 7º

As tarxetas serán impresas segundo o modelo oficial proposto na Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, desenvolvida polo Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro.



DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza entrará en vigor ó día seguinte da publicación do seu texto íntegro no BOP, e unha vez transcorrido o prazo prescrito no artigo 65.2 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local.

San Cibrao das Viñas, 31 de maio de 2002

A ALCALDESA

Asdo.: Elisa Nogueira Méndez